



Anuario de
Estatística Forestal
de Galicia
2018

Xunta de Galicia
Consellería do Medio Rural
Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal
Santiago de Compostela
2019

Anuario de Estadística Forestal de Galicia **2018**

Edita: Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2019

Depósito legal: C 927-2019

Deseño e elaboración: Grupo de Investigación da Universidade de Vigo
G4 PLUS Desenvolvemento estratéxico: organizacións e territorios

ÍNDICE

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	8
2. ESTRUCTURA DA PROPIEDAD FORESTAL	12
2.1. MONTES PÚBLICOS.....	13
NÚMERO E SUPERFICIE SEGUNDO O TIPO DE MONTES PÚBLICOS	13
2.2. MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (MVMC)	15
NÚMERO E SUPERFICIE DE MVMC	15
2.3. COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (CMVMC).....	17
NÚMERO DE CMVMC E MEDIA DE COMUNEIROS.....	17
CMVMC SEGUNDO A SÚA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA.....	19
INGRESOS E INVESTIMENTOS MEDIOS DAS CMVMC	21
RELACIÓN DE MANCOMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN REXISTRADAS	22
2.4. MONTES DE VARAS, ABERTAIS, DE VOCES, DE VOCERÍO OU DE FABEO	23
NÚMERO E SUPERFICIE DOS MONTES DE VARAS, ABERTAIS, DE VOCES, DE VOCERÍO OU DE FABEO	23
2.5. AGRUPACIÓNS FORESTAIS.....	24
REXISTRO DE SOCIEDADES DE FOMENTO FORESTAL.....	24
3. ORDENACIÓN E XESTIÓN FORESTAL	26
3.1. MONTES DE XESTIÓN PÚBLICA POLA ADMINISTRACIÓN FORESTAL.....	27
MONTES DE XESTIÓN PÚBLICA POLA ADMINISTRACIÓN FORESTAL	27
MONTES DE XESTIÓN PÚBLICA BAIXO CONSORCIO OU CONVENIO	29
DETALLE DOS MONTES DE XESTIÓN PÚBLICA BAIXO CONSORCIO OU CONVENIO	31
MONTES EN XESTIÓN PÚBLICA CON CERTIFICACIÓN FORESTAL	33
3.2. REXISTRO DE MONTES ORDENADOS	35
PROXECTOS DE ORDENACIÓN: Nº DE MONTES.....	35
PROXECTOS DE ORDENACIÓN: SUPERFICIE	37
DOCUMENTOS SIMPLES DE XESTIÓN	39
4. REPOBOACIÓNS FORESTAIS	40
4.1. REXISTRO GALEGO DE MATERIAIS BASE PARA A PRODUCCIÓN DE MFR	41
CONÍFERAS.....	41
FRONDOSAS.....	42
4.2. SEMENTE FORESTAL	43
EVOLUCIÓN DAS EXISTENCIAS DE SEMENTE DISPOÑIBLES DE CONÍFERAS.....	43
EXISTENCIAS DISPOÑIBLES DE SEMENTE DE CONÍFERAS - FRONDOSAS	45
4.3. PRODUCCIÓN DE PLANTA EN CAMPOS DE PLANTAS NAI	46
CASTIÑEIRO HÍBRIDO E CERDEIRA	46
4.4. SUPERFICIE REPOBOADA EN PROXECTOS DE INVESTIMENTO PÚBLICO.....	47
SUPERFICIE REPOBOADA EN PROXECTOS DE INVESTIMENTO PÚBLICO POR DISTRITO	47
4.5. INFRACCIÓNS EN MATERIA DE REPOBOACIÓNS FORESTAIS E NOVAS PLANTACIÓNS.....	49
EXPEDIENTES SANCIONADORES	49
APERCBIMENTOS	50

5. TRATAMENTOS SILVÍCOLAS	52
5.1. SUPERFICIE DE TRATAMENTOS SILVÍCOLAS EN PROXECTOS DE INVESTIMENTO PÚBLICO . 53	
SUPERFICIE DE TRATAMENTOS SILVÍCOLAS EN PROXECTOS DE INVESTIMENTO PÚBLICO.....	53
6. LOITA BIOLÓXICA.....	56
6.1. LOITA BIOLÓXICA	57
CASTIÑEIRO.....	57
PIÑEIRO.....	58
EUCALIPTO.....	59
7. PRODUCIÓNS FORESTAIS	60
7.1. APROVEITAMENTOS MADEIREIROS	61
DECLARACIÓNS E SOLICITUDES DE APROVEITAMENTO EN MONTES OU TERREOS DE XESTIÓN PRIVADA POR DISTRITO E TIPO.....	61
FORMA DE PRESENTACIÓN DAS DECLARACIÓNS E SOLICITUDES DE APROVEITAMENTO EN MONTES OU TERREOS DE XESTIÓN PRIVADA POR DISTRITO	63
SOLICITUDES DE APROVEITAMENTO EN MONTES OU TERREOS DE XESTIÓN PRIVADA SEGUNDO O DISTRITO E AFECTACIÓN.....	65
VOLUME DE APROVEITAMENTO EN MONTES OU TERREOS EN XESTIÓN PRIVADA DECLARADA E SOLICITADA SEGUNDO O DISTRITO E ESPECIES.....	67
VOLUME DE APROVEITAMENTO EN MONTES DE XESTIÓN PÚBLICA SEGUNDO O DISTRITO E ESPECIES	69
VOLUME DE APROVEITAMENTO TOTAL (XESTIÓN PÚBLICA E XESTIÓN PRIVADA) SEGUNDO O DISTRITO E ESPECIES.....	71
7.2. APROVEITAMENTOS DE PASTOS EN MONTE	73
APROVEITAMENTOS DE PASTOS REGULADOS EN MONTE.....	73
APROVEITAMENTOS DE PASTOS PROHIBIDOS EN MONTE	75
7.3. APROVEITAMENTOS MICOLÓXICOS	77
COMUNICACIÓNS DE ACOUTAMENTO PARA APROVEITAMENTO MICOLÓXICO EN MONTES OU TERREOS FORESTAIS DE XESTIÓN PRIVADA.....	77
8. EMPRESAS DO SECTOR FORESTAL	80
8.1. EMPRESAS PROVEDORAS DE MATERIAL FORESTAL DE REPRODUCCIÓN	81
EMPRESAS PROVEDORAS DE MATERIAL FORESTAL DE REPRODUCCIÓN	81
8.2. EMPRESAS DE SERVIZOS FORESTAIS.....	82
EMPRESAS DE SERVIZOS FORESTAIS.....	82
8.3. EMPRESAS DE APROVEITAMENTO E TRANSFORMACIÓN DA MADEIRA.....	83
EMPRESAS DE APROVEITAMENTO E TRANSFORMACIÓN DA MADEIRA	83
A. ANEXOS.....	84
A.1. RELACIÓN DE TÁBOAS	85
A.2. RELACIÓN DE FIGURAS	87

1. INTRODUCCIÓN

Galicia posúe unha inmensa riqueza, chea de diferentes produtos e servizos forestais: madeira, biomasa, cogomelos, cortizas, resinas, pastos e forraxes en montes, castañas ou mesmo as zonas de lecer, que xuntamente cos roteiros e o turismo rural constitúen, entre outras, a materia prima sobre a que se fornece este sector tan diverso.

Pero coñecemos os datos que definen a nosa realidade forestal? Coñecemos as producións anuais e as tendencias históricas que conseguen definir as debilidades e fortalezas do sector forestal galego?

Do mesmo xeito que a madeira en cantidade e calidade suficiente é un obxectivo irrenunciable para o desenvolvemento forestal do noso país, a información, precisa e de confianza, constitúe a materia prima que debe fornecer calquera toma de decisións, de que xeito podemos avaliar cara a onde estamos progresando se non somos quen de coñecer as tendencias históricas na produción dun recurso? Como poderemos avaliar os riscos ou incertezas ás que nos sometemos cando tomamos decisións se non dispoñemos de datos onde apoiarnos?

Os sistemas de apoio ás decisións (*decision support systems -DSS*) poden ser unha das ferramentas máis poderosas á hora de establecer políticas públicas, pero só serán útiles se se alimentan de información precisa, de xeito periódico, que permitan detectar tendencias e coñecer o grao de incerteza.

A propia Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia dedicaba o artigo 103 enteiraamente á *Estadística forestal galega*, e dous anos máis tarde o Decreto 50/2014 xa dispoñía na súa disposición adicional primeira a obriga que asumía a consellería, *“nos primeiros tres meses de cada ano, de publicar e difundir os datos dos aproveitamentos forestais solicitados ou comunicados no ano anterior desagregados por distrito forestal e termo municipal, todo isto de acordo coa normativa estatística de Galicia e, en particular, co previsto sobre planificación e programación estatística”*.

Do mesmo xeito, o grupo de traballo para a revisión do Plan Forestal de Galicia, creado no seo do Consello Forestal de Galicia no ano 2015, establecía unhas directrices moi concretas ao respecto; *“É prioritario dispoñer de estatísticas e información fiable, actualizada e dispoñible das seguintes actividades: rexistro de MVMC, número de montes clasificados e superficie desagregados por concellos e distritos forestais, número de CMVMC, número de comuneiros, número de comunidades en situación irregular, superficie reforestada anualmente por especies e distritos forestais, así como superficie anualmente traballada mediante tratamentos silvícolas. [...] Asemade debe publicarse, nos tres primeiros meses de cada ano, a superficie obxecto de aproveitamento e produción de madeira por especie, distrito forestal, propiedade e forma de xestión (pública/privada) e doutros produtos e aproveitamentos forestais.”*

Xa en novembro do ano 2017 creábase, en sede parlamentaria, a Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, quen en xullo do ano 2018 aprobaba un ditame onde incorporaba medidas concretas, entre as que se atopaba a creación dun *“Sistema de Información e Estadística Forestal de Galicia como mecanismo que permita facer diagnoses adecuadas e ser unha ferramenta esencial para a toma de decisións de políticas públicas ou empresariais relacionadas co sector forestal”* e a *“elaboración pola Consellería do Medio Rural dun informe que certifique a situación das comunidades propietarias dos montes veciñais en man común, onde se detallase de xeito específico a súa estrutura organizativa, o cumprimento das súas obrigas legais e a existencia de instrumentos de ordenación e xestión forestal dos seus montes”*.

Asemade, outra das medidas demandadas no ditame consistía en que *“co fin de que a política forestal non se vexa absorbida pola actividade de prevención e extinción de incendios, a Comisión recomenda que no seo da Consellería do Medio Rural haxa unha distinción clara e unha separación nítida entre o ente instrumental, o conxunto do dispositivo de extinción de incendios e as unidades directivas encargadas da planificación, xestión e ordenación forestal”*, para tal efecto o Decreto 149/2018, que establecía a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural creaba, por primeira vez na Xunta de Galicia, un departamento para o exercicio exclusivo das competencias inherentes á política forestal denominado Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal. O devandito decreto outorgou a esta administración ou órgano forestal, no ámbito das súas competencias, un conxunto de funcións, entre as que se atopaba aquela de *“velar polo coñecemento do medio forestal baseado nunha información estatística actualizada”*, deste xeito esta consellería, a través deste anuario, dá debida resposta ás funcións que lle foron atribuídas.

Esta publicación vén dar o primeiro paso para constituír unha potente e enorme fonte de información (*big data*) no futuro sistema de apoio ás decisións que deberá dar servizo á administración forestal, ao sector forestal de Galicia e á sociedade galega, en xeral. Este anuario de estatística forestal, cos datos e series históricas ata o ano 2018, é o primeiro compendio publicado en Galicia que contén exclusivamente datos estatísticos forestais.

As conexións entre o noso agro e o monte non se poden dissociar, as políticas públicas en materia de desenvolvemento do noso rural pasan inexorablemente por comprender onde estamos e cara a onde imos. Por esta razón, débese contextualizar esta publicación como unha primeira monografía dentro do Plan Galego de Estatística Agroforestal que a Consellería do Medio Rural está a reformular: o sector forestal é unha rama agraria dentro do conxunto produtivo dun sector primario galego rico e diverso. Só cunha visión máis ampla e global do sector forestal poderemos entender realmente os seus datos estatísticos.



2. ESTRUTURA DA PROPIEDADE FORESTAL

2.1. MONTES PÚBLICOS

NÚMERO E SUPERFICIE SEGUNDO O TIPO DE MONTES PÚBLICOS

- No ano 2018 Galicia conta con 230 montes de titularidade pública cunha superficie total de 55.108,8 ha. O 39,97% do total son montes de utilidade pública (UP) o 38,15% son patrimoniais dos concellos ou entidades locais menores (ELM) e o 21,88% restante son patrimoniais do Estado ou Comunidade Autónoma de Galicia. A superficie media de monte público é de 239,60 ha.
- A maior superficie de monte público rexístrase na Coruña, con 27.299,85 ha (49,54% do total de Galicia), e Ourense con 15.728,94 ha (28,54%), Lugo e Pontevedra sitúanse xa con valores inferiores, especialmente esta última (8.524,29 ha e 3.496,58 ha, respectivamente).
- Dende o punto de vista provincial, na Coruña, e especialmente Lugo, a maior superficie de monte público do total provincial corresponde aos considerados montes públicos patrimoniais dos concellos ou ELM (52,5% e 73,5%, respectivamente), mentres que en Ourense e Pontevedra a maior superficie do total provincial son os montes inscritos no Catálogo de utilidade pública (CUP) (55,0% e 81,9%, respectivamente).
- A maior superficie de monte público sobre o total de hectáreas corresponden aos distritos I Ferrol (16,22%), XIII Valdeorras – Trives (12,92%), XIV Verín – Viana (12,46%) e IV Barbanza (10,66%), o resto están por debaixo desta porcentaxe ou é testemuñal.

Táboa 1. Número e superficie segundo o tipo de montes públicos, 2018

DISTRITO	Catálogo UP		Patrimonial (Concello ou ELM)		Patrimonial (Estado ou CA)		Total	
	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie
Ferrol	13	4.199,19	8	2.305,31	12	2.435,27	33	8.939,77
Bergantiños - Mariñas Coruñesas	15	1.543,04	14	1.175,98	3	160,99	32	2.880,01
Santiago - Meseta Interior	6	588,33	15	3.936,29	1	15,91	22	4.540,53
Barbanza	13	923,15	11	4.950,65			24	5.873,80
Fisterra	16	3.111,13	15	1.953,80			31	5.064,93
A Mariña Lucense			3	1.581,00			3	1.581,00
A Fonsagrada - Os Ancares	1	150,00	27	1.678,59	3	1.338,87	31	3.167,46
Terra de Lemos			9	2.474,00	1	92,00	10	2.566,00
Lugo - Sarria			1	24,00			2	24,00
Terra Chá			4	554,33	1	691,50	5	1.245,83
O Ribeiro - Arenteiro	1	601,00					1	601,00
Miño - A Arnoia			2	105,00			3	105,00
Valdeorras - Trives	2	7.121,00					2	7.121,00
Verín - Viana					5	6.865,98	5	6.865,98
A Limia	5	923,95	4	101,71	1	10,30	10	1.035,96
Deza - Tabeirós			2	148,00	1	5,00	3	153,00
O Condado - A Paradanta	2	68,00	1	36,98			3	104,98
Vigo - Baixo Miño	7	2.430,00					7	2.430,00
Caldas - O Salnés	2	366,50			1	442,10	3	808,60
Galicia	83	22.025,29	116	21.025,64	29	12.057,92	228	55.108,85
A Coruña	63	10.364,84	63	14.322,03	16	2.612,17	142	27.299,04
Lugo	1	150,00	44	6.311,92	5	2.122,37	50	8.584,29
Ourense	8	8.645,95	6	206,71	6	6.876,28	20	15.728,94
Pontevedra	11	2.864,50	3	184,98	2	447,10	16	3.496,58

UP: Utilidade pública

ELM: Entidade local menor



CA: Comunidade autónoma

Fonte: Consellería do Medio Rural (2018)

Figura 1. Número e superficie segundo o tipo de montes públicos, 2018



Nº de montes públicos por provincia (228 en Galicia)

Superficie total de monte público (55.108,85 ha)




Superficie de monte público segundo tipo (55.108,85 ha)

Superficie de monte público segundo tipo por provincia



Superficie total de monte público por distrito



Fonte: Consellería do Medio Rural (2018)

2.2. MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (MVMC)

NÚMERO E SUPERFICIE DE MVMC

- No ano 2018, en Galicia, **3.312 montes** tiñan a consideración de Monte Veciñal en man Común (MVMC) clasificados polos xurados provinciais cunha superficie total de **664.229,89 ha**, o que fai unha media de **200,55 ha** por MVMC.
- A provincia de **Ourense presenta o 41,76%** da superficie total de MVMC de Galicia, seguida de Lugo co 30,63%.
- Estas dúas provincias presentan tamén as **maiores superficies medias dos MVMC**, arredor das **220 ha**.
- O distrito **XIV Verín-Viana** é o que ten **maior superficie de MVMC**, cun total de 93.572,13 ha, ademais este mesmo distrito **é o que presenta a maior superficie media dos MVMC** (429,23 ha de media).


Táboa 2. Número e superficie dos montes veciñais en man común, 2018

DISTRITO	Total		
	Nº Montes	Superficie (ha)	Superficie media (ha)
Ferrol	15	4.952,62	330,17
Bergantiños - Mariñas Coruñesas	23	3.145,99	136,78
Santiago - Meseta Interior	15	3.919,24	261,28
Barbanza	167	24.703,18	147,92
Fisterra	77	11.350,17	147,40
A Mariña Lucense	56	20.151,17	359,84
A Fonsagrada - Os Ancares	286	46.877,91	163,91
Terra de Lemos	205	61.379,56	299,41
Lugo - Sarria	287	46.352,64	161,51
Terra Chá	94	28.709,57	305,42
O Ribeiro - Arenteiro	261	29.069,67	111,38
Miño - A Arnoia	325	30.052,07	92,47
Valdeorras - Trives	206	66.188,27	321,30
Verín - Viana	218	93.572,13	429,23
A Limia	248	58.473,10	235,78
Deza - Tabeirós	130	16.176,50	124,43
O Condado - A Paradanta	142	31.010,53	218,38
Vigo - Baixo Miño	195	37.724,45	193,46
Caldas - O Salnés	362	50.421,12	139,28
Galicia	3.312	664.229,89	200,55
A Coruña	297	48.071,20	161,86
Lugo	928	203.470,85	219,26
Ourense	1.258	277.355,24	220,47
Pontevedra	829	135.332,60	163,25


Fonte: Consellería do Medio Rural (2018)

Figura 2. Montes veciñais en man común, 2018



Superficie total de MVMC por provincia (664.229,89 ha)



Superficie media dos MVMC por provincia (ha)



Superficie media (ha) dos MVMC por distrito
Superficie media dos MVMC do conxunto de Galicia: 200,55 ha



Fonte: Consellería do Medio Rural (2018)

**ESTRUTURA DA PROPIEDAD FORESTAL > COMUNIDADES DE
MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (CMVMC)**

2.3. COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (CMVMC)

NÚMERO DE CMVMC E MEDIA DE COMUNEIROS

- As maiores porcentaxes de comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) sitúanse na provincia de Ourense co 39,19% (1.204) e Lugo co 30,01% do nº total (922), o resto sitúanse na provincia de Pontevedra cun 21,71% e A Coruña cun reducido 9,08% do total.
- O total de comuneiros acada o número de 122.734 no conxunto de Galicia. A media de comuneiros por CMVMC en Galicia é de 44, dende os 83 de media en Pontevedra aos 25 en Lugo.
- As maiores porcentaxes de comuneiros pertencen aos distritos XIX Caldas – O Salnés e XVIII Vigo – Baixo Miño co 19,1% e 16,2% do total de Galicia.

Táboa 3. Número de CMVMC e comuneiros, 2018


DISTRITO	Nº CMVMC	Media nº comuneiros	Nº total de comuneiros	% do total de comuneiros
Ferrol	14	83	1.156	0,94%
Bergantiños - Mariñas Coruñesas	22	73	1.389	1,13%
Santiago - Meseta Interior	15	47	561	0,46%
Barbanza	152	56	8.403	6,85%
Fisterra	76	43	3.278	2,67%
A Mariña Lucense	55	60	3.197	2,60%
A Fonsagrada - Os Ancares	284	7	1.771	1,44%
Terra de Lemos	201	24	4.447	3,62%
Lugo - Sarria	286	25	6.621	5,39%
Terra Chá	94	56	4.847	3,95%
O Ribeiro - Arenteiro	239	33	7.058	5,75%
Miño - A Arnoia	283	36	8.459	6,89%
Valdeorras - Trives	199	24	3.855	3,14%
Verín - Viana	202	38	6.914	5,63%
A Limia	214	31	6.531	5,32%
Deza - Tabeirós	123	22	2.645	2,16%
O Condado - A Paradanta	116	70	8.252	6,72%
Vigo - Baixo Miño	135	147	19.848	16,17%
Caldas - O Salnés	284	81	23.502	19,15%
Galicia	2.994	44	122.734	100%
A Coruña	279	54	14.787	12,05%
Lugo	922	25	20.883	17,01%
Ourense	1.204	33	32.817	26,74%
Pontevedra	667	83	54.247	44,20%

Fonte: Consellería do Medio Rural (2018)


ESTRUTURA DA PROPIEDAD FORESTAL > COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (CMVMC)

Figura 3. Comunidades de montes veciñais en man común, 2018

CMVMC por provincia (2.994)





Media de comeneiros de CMVMC por provincia



Media de comeneiros por CMVMC en cada distrito

Media de Galicia: 44



Fonte: Consellería do Medio Rural (2018)

**ESTRUTURA DA PROPIEDAD FORESTAL > COMUNIDADES DE
MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (CMVMC)**

CMVMC SEGUNDO A SÚA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA

- Das **2.994 CMVMC** existentes en Galicia o **59,79%** cumpren coas súas obrigas administrativas, as restantes 40,21% non o fan, ben por non comunicar en tempo os reinvestimentos ou por outras causas como a renovación das xuntas reitoras ou censos de comuneiros, entre outros.
- Se tomamos como referencia as provincias, as que **teñen unha maior porcentaxe de CMVMC que cumpren as súas obrigas administrativas** corresponden a **Pontevedra (81,76%) e A Coruña (73,84%)**, e rexistran unha porcentaxe máis reducida Lugo (54,35%) e Ourense (48,02%).
- **A maior porcentaxe de CMVMC en cada distrito que cumpren coas súas obrigas administrativas son as do litoral de Pontevedra (XVII, XVIII e XIX), V Fisterra e I Ferrol**, que superan o 77,63%. En situación contraria sitúanse especialmente os distritos XII Miño – A Arnoia (31,45%) e VII A Fonsagrada – Os Ancares (39,79%), nas que unha menor porcentaxe das súas respectivas CMVMC cumpren as obrigas administrativas.
- **A maior porcentaxe de CMVMC sobre o total das que cumpren as súas obrigas administrativas**, sitúanse nos **distritos XIX Caldas – O Salnés (12,3% do total de Galicia) e o IX Lugo - Sarria (8,21%)**. Con relación aos distritos que non cumpren as súas obrigas destacan os distritos XII Miño – A Arnoia (16,11% do total de Galicia) e VII A Fonsagrada – Os Ancares (14,20%).

Táboa 4. CMVMC segundo a súa situación administrativa , en 2018


DISTRITO	Cumpren coas obrigas administrativas	Non cumpren coas obrigas administrativas		Nº total de CMVMC	% CMVMC que cumpren sobre o total
		Falta de comunicación anual de reinvestimentos (2017)*	Outras causas**		
Ferrol	11	3	0	14	78,57%
Bergantiños - Mariñas Coruñesas	12	9	1	22	54,55%
Santiago - Meseta Interior	11	4	0	15	73,33%
Barbanza	113	36	3	152	74,34%
Fisterra	59	16	1	76	77,63%
A Mariña Lucense	35	20	0	55	63,64%
A Fonsagrada - Os Ancares	113	138	33	284	39,79%
Terra de Lemos	134	55	12	201	66,67%
Lugo - Sarria	147	129	10	286	51,40%
Terra Chá	71	23	0	94	75,53%
O Ribeiro - Arenteiro	106	133	0	239	44,35%
Miño - A Arnoia	89	194	0	283	31,45%
Valdeorras - Trives	91	108	0	199	45,73%
Verín - Viana	138	64	0	202	68,32%
A Limia	122	91	1	214	57,01%
Deza - Tabeirós	95	28	0	123	77,24%
O Condado - A Paradanta	99	17	0	116	85,34%
Vigo - Baixo Miño	123	12	0	135	91,11%
Caldas - O Salnés	221	55	8	284	77,82%
Galicia	1.790	1.135	69	2.994	59,79%
A Coruña	206	68	5	279	73,84%
Lugo	500	365	55	920	54,35%
Ourense	546	590	1	1.137	48,02%
Pontevedra	538	112	8	658	81,76%

* Falta de comunicación anual de reinvestimentos, ano 2017 (art. 125 da Lei 7/2012 de montes de Galicia)


** Outras causas: Xunta reitora sen renovar, falta de comunicación do censo actualizado de comuneiros...

Fonte: Consellería do Medio Rural (2018)

Figura 4. CMVMC segundo a súa situación administrativa, 2018
CMVMC segundo a súa situación administrativa (2.994)





Porcentaxe de CMVMC ao día coas súas obrigas administrativas por provincia



Porcentaxe de CMVMC ao día coas súas obrigas administrativas

Media de Galicia: 59,79%



Fonte: Consellería do Medio Rural (2018)

INGRESOS E INVESTIMENTOS MEDIOS DAS CMVMC


- Entre os anos 2015 e 2017 prodúcese un **descenso dos ingresos medios das CMVMC de Galicia de tan só o 1,41%**. En 2017 recupéranse case os niveis de 2015 (arredor dos 45 mil euros), despois dun importante descenso en 2016, por efecto especialmente da variación de ingresos na provincia de Pontevedra, que de 70 mil euros pasa a 53 mil euros, para recuperarse no ano 2017.
- No período 2015 -2017 **crecen os ingresos medios das CMVMC da provincias da Coruña e Pontevedra** (10,91% e 7,99%, respectivamente) e **decrecen no caso da provincia de Lugo e Ourense** (-6,65% e -17,50%, respectivamente).
- En canto aos investimentos, a pesar de que en 2016 se produciu un incremento dos investimentos medios por CMVMC, que chegaron a preto de 25 mil euros por efecto dos crecementos rexistrados na provincia de Lugo e Ourense, **no período 2015 – 2017 sufriron un descenso do 18,83% no conxunto de Galicia** (de 22.811 euros pásase a 18.516 euros) por efecto do descenso en todas as provincias arredor do 20%, coa excepción de Ourense que só descendeu un 12,37%.

Táboa 5. Ingresos e investimentos medios das CMVMC, 2015-2017

	2015	
	Ingreso	Investimento
Galicia	45.137,99	22.811,50
A Coruña	18.567,03	17.862,71
Lugo	32.069,97	16.406,15
Ourense	35.222,21	20.063,67
Pontevedra	71.821,82	31.037,77
	2016	
	Ingreso	Investimento
Galicia	36.859,93	24.837,90
A Coruña	18.458,67	17.986,45
Lugo	32.812,51	24.674,97
Ourense	31.172,52	23.585,56
Pontevedra	53.102,70	28.031,33
	2017	
	Ingreso	Investimento
Galicia	44.499,45	18.516,72
A Coruña	20.592,50	14.283,50
Lugo	29.938,67	12.917,87
Ourense	29.059,24	17.580,84
Pontevedra	77.562,05	24.810,26
	Evolución 2015-2017	
	Ingreso	Investimento
Galicia	-1,41%	-18,83%
A Coruña	10,91%	-20,04%
Lugo	-6,65%	-21,26%
Ourense	-17,50%	-12,37%
Pontevedra	7,99%	-20,06%

Fonte: Consellería do Medio Rural (2018)


Figura 5. Ingresos e investimentos medios das CMVMC, 2015-2017



RELACIÓN DE MANCOMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN REXISTRADAS

- No ano 2018 hai 35 mancomunidades rexistradas en Galicia, das que 19 (55,88%) pertencen á provincia de Pontevedra.
- O distrito con maior número de mancomunidades rexistradas é o distrito XIX Caldas – O Salnés (8).

Figura 6. Mancomunidades rexistradas en Galicia por provincia, 2018



Táboa 6. Mancomunidades rexistradas en Galicia, 2018

NOME	CONCELLO	DISTRITO	PROVINCIA
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DAS RÍAS DE AROUSA E NOIA-MUROS	Boiro	Barbanza	A Coruña
MANCOMUNIDADE DE ARDELEIROS E ZARAMAGOSO	Lousame	Barbanza	A Coruña
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN LOUSAME	Lousame	Barbanza	A Coruña
MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA	Porto do Son (O)	Barbanza	A Coruña
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN BARBANZA SUR	Ribeira	Barbanza	A Coruña
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE CARNOTA	Carnota	Fisterra	A Coruña
MANCOMUNIDADE SERRA DE RAÑADOIRO	Baralla	A Fonsagrada - Os Ancares	Lugo
MANCOMUNIDADE SERRA DE PICATO	Baralla	A Fonsagrada - Os Ancares	Lugo
MANCOMUNIDADE VAL DE RAO	Navia de Suarna	A Fonsagrada - Os Ancares	Lugo
MANCOMUNIDADE CARQUEIXA	Negueira de Muñiz	A Fonsagrada - Os Ancares	Lugo
MANCOMUNIDADE PASO DO CERVO	Folgozo do Courel	Terra de Lemos	Lugo
MANCOMUNIDADE LUGO SUR	Monforte de Lemos	Terra de Lemos	Lugo
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN TERRA CHÁ	Guitiriz	Terra Chá	Lugo
MANCOMUNIDADE DE AVIÓN	Avión	O Ribeiro - Arenteiro	Ourense
MANCOMUNIDADE DE MMVVMC DA COMARCA DE MONTERREI	Monterrei	Verín - Viana	Ourense
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DO CONCELLO DE CERCEDO	Cerdedo	Deza - Tabeirós	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE MVMC A PARADANTA	Cañiza (A)	O Condado - A Paradanta	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE O COVELO-A CAÑIZA	Covelo (O)	O Condado - A Paradanta	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE OIA	Oia	Vigo - Baixo Miño	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE REDONDELA	Redondela	Vigo - Baixo Miño	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE SALCEDA DE CASELAS	Salceda de Caselas	Vigo - Baixo Miño	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE VIGO	Vigo	Vigo - Baixo Miño	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO ACIBAL	Barro	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE FRAGAS	Campo Lameiro	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE COTOBADE	Cotobade	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO ACIBAL	Moraña	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE PONTECALDELAS	Pontecaldelas	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE CARITEL	Pontecaldelas	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE PONTEVEDRA	Pontevedra	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE VILAGARCIA DE AROUSA	Vilagarcía de Arousa	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO MORRAZO	Varios Pontevedra	Varios Pontevedra	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO VAL MIÑOR	Varios Pontevedra	Varios Pontevedra	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO NOROESTE DE PONTEVEDRA	Varios Pontevedra	Varios Pontevedra	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE PRODUTORES DE BIOMASA FORESTAL PRIMARIA DO SUR DE GALICIA	Varios Pontevedra	Varios Pontevedra	Pontevedra

A Organización Galega de Montes Veciñais en Man Común (OGMVMC) tamén solicitou a súa inclusión como mancomunidade
Fonte: Consellería do Medio Rural (2018)

**ESTRUTURA DA PROPIEDAD FORESTAL > MONTES DE VARAS,
ABERTAIS, DE VOCES, DE VOCERÍO OU DE FABEO**

2.4. MONTES DE VARAS, ABERTAIS, DE VOCES, DE VOCERÍO OU DE FABEO

NÚMERO E SUPERFICIE DOS MONTES DE VARAS, ABERTAIS, DE VOCES, DE VOCERÍO OU DE FABEO

- A falta da constitución do Rexistro de Montes de Varas, Abertais, de Voces, de Vocerío ou de Fabeo no ano 2018, **os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou fabeo en Galicia suman 27 montes, cunha superficie de 7.837,18 ha.** Unicamente 6 distritos forestais dos 19 teñen este tipo de propiedade forestal. O distrito con máis montes con esta tipoloxía é o VII A Fonsagrada – Os Ancares, o resto só teñen un ou dous como máximo como é o caso do Distrito X Terra Chá.
- O **85,72% do total sitúase** na provincia de **Lugo**.
- Respecto á superficie de montes de varas por distrito, o 82,98% pertence ao distrito VII A Fonsagrada – Os Ancares.

Táboa 7. Número e superficie dos montes de varas , 2018


DISTRITO	Total	
	Nº Montes	Superficie (ha)
Barbanza	1	130,93
A Mariña Lucense	1	14,99
A Fonsagrada - Os Ancares	21	6.503,42
Terra Chá	2	200,00
Miño - A Arnoia	1	173,48
A Limia	1	814,36
Galicia	27	7.837,18
A Coruña	1	130,93
Lugo	24	6.718,41
Ourense	2	987,84
Pontevedra	-	-

A falta da constitución do Rexistro de Montes de Varas, Abertais, de Voces, de Vocerío ou de Fabeo (Art. 126.k) Lei 7/2012, do 29 de outubro)


Fonte: Consellería do Medio Rural (2018)

Figura 7. Número e superficie dos montes de varas, 2018

Superficie dos montes de varas por provincia
(7.837,18 ha)



Superficie dos montes de varas por distrito
(7.837,18 ha)



Fonte: Consellería do Medio Rural (2018)

2.5. AGRUPACIÓNS FORESTAIS

REXISTRO DE SOCIEDADES DE FOMENTO FORESTAL

- En 2018 existen 10 sociedades de fomento forestal (Sofor) con inscrición definitiva, que suman unha superficie total de 1.708,22 ha e unha superficie xestionada de 1.386,79 ha. O número de parcelas destas sociedades suma un total de 3.469 pertencentes aos 447 socios que as compoñen.
- Existen 12 sociedades de fomento forestal sen inscrición definitiva cunha superficie total de 2.915,71 ha e 8.909 parcelas.


Táboa 8. Rexistro de sociedades de fomento forestal, 2018

SOCIEDADES INSCRITAS	Inscrición	Fecha de inscrición	Concello	Superficie (ha)	Superficie xestionada (ha)	Socios	Parcelas
SOCIEDAD FORESTAL PARADA, S.L.	Definitiva	17/09/14	Silleda	308,84	308,84	37	790
SOCIEDAD FORESTAL OUTEIRO – PARADA, S.L.	Definitiva	17/09/14	Silleda	180,24	180,24	46	239
MONTE DE LEBOZÁN, S.L.	Definitiva	17/08/18	Lalín	112,39	85,98	14	145
SOFOR MONTE DE REQUIÁN, S.L.	Definitiva	06/11/15	A Estrada	161,27	144,75	32	460
SOCIEDADE DE MONTES SOSTIBLES DE CUNS, S.L.	Definitiva	06/11/15	Outes e Negreira	86,25	70,50	73	634
SOFOR IRIXO CENTRO NORTE, S.L.	Previa	29/12/16	O Irixo	180,17	17,13	3	153
SOFOR MONTE DE SANTA JULIANA, S.L.	Definitiva	25/08/17	A Fonsagrada	188,97	188,98	20	25
MONTES DE SAN ROQUE DE OSELLE, S.L.	Definitiva	03/08/18	Becerreá	80,10	80,10	34	250
MONTE DE UCEIRA DA PARROQUIA DE CIRIO, S.L.	Definitiva	09/08/18	Pol	71,80	51,78	83	480
SOFOR MONTE DE CANDEDO, S.L.	Definitiva	17/08/18	Meira	338,19	258,49	105	293
Totais				1.708,22	1.386,79	447	3.469

SOCIEDADES EN VÍAS DE INSCRICIÓN	Inscrición	Fecha de inscrición	Concello	Superficie (ha)	Superficie xestionada (ha)	Socios	Parcelas
O CRUCEIRO	Non inscrita		Silleda	291,91	-	-	2.136
AS PÍAS	Non inscrita		A Estrada	135,93	-	-	-
MONTE DE ARRIBA DE COUSO	Non inscrita		A Estrada	177,67	-	-	-
MONTE DE OLVEIROA	Non inscrita		Dumbría	285,41	-	-	967
NOSA SEÑORA DE SALETA DE SANTO ANDRADE	Non inscrita		A Estrada	163,67	-	-	760
CARBALLEIRA DE PARGA	Non inscrita		A Estrada	313,46	-	-	1.415
O VILAR	Non inscrita		Dumbría	216,42	-	-	341
MONTE LOGOSO	Non inscrita		Dumbría	124,87	-	-	209
PARROQUIA DE SAN XOÁN DE SEOANE	Non inscrita		A Veiga	847,00	-	-	847
PARROQUIA DE CANDEDA DA VEIGA	Non inscrita		A Veiga	96,29	-	-	403
TOXEIRA E MONTILLÓN	Non inscrita		A Estrada	107,93	-	-	1.002
CHORIMA DE XUBREI	Non inscrita		A Estrada	155,15	-	-	829
Totais				2.915,71			8.909

Fonte: Consellería do Medio Rural (2018)

Figura 8. Distribución das sociedades de fomento forestal, 2018



Nota: Os marcadores non representan a situación xeográfica exacta, unicamente son mostra do concello de pertenza da Sofor.

Fonte: Consellería do Medio Rural (2018)

3. ORDENACIÓN E GESTIÓN FORESTAL

3.1. MONTES DE XESTIÓN PÚBLICA POLA ADMINISTRACIÓN FORESTAL

MONTES DE XESTIÓN PÚBLICA POLA ADMINISTRACIÓN FORESTAL

- No ano 2018, existen en Galicia 1.875 montes en xestión pública, cunha superficie total de 309.741,84 ha. Respecto ao seu número, a maior porcentaxe corresponde á provincia de Lugo cun 44,66% do total, seguida de Ourense cun 27,64%. En superficie, a maior porcentaxe corresponde a Ourense cun 42,36%, seguida de Lugo cun 33,38%.
- O 94,03% do número total de montes en xestión pública e o 89% en superficie son montes xestionados baixo consorcio ou convenio pola Administración Forestal da Xunta de Galicia. Os montes do Catálogo de utilidade pública (CUP) representan unha pequena porcentaxe tanto en número (4,43%) como en superficie (7,11%) sobre o total. Aínda máis reducidos son o número e a superficie dos montes patrimoniais da CA que, respectivamente só acadan unha porcentaxe do 1,55% e o 3,89%.
- A media de Galicia en canto á superficie por monte en xestión pública é de 165,02 ha. Resalta a provincia de Ourense cunha media superior que acada os 252,82 ha. Por distrito, cabe sinalar o XIII Valdeorras – Trives cunha media de 400,78 ha por monte e o XIV Verín - Viana con 306,88 ha. No extremo oposto atópanse os distritos XVI Deza – Tabeirós e IX Lugo – Sarria con 88,17 ha e 97,67 ha, respectivamente.

Táboa 9. Montes de xestión pública, 2018



DISTRITO	Número de montes				Superficie (ha)			
	Xestionados baixo consorcio ou convenio	Montes patrimoniais Comunidade Autónoma	CUP	TOTAL	Xestionados baixo consorcio ou convenio	Montes patrimoniais Comunidade Autónoma	CUP	TOTAL
Ferrol	17	12	13	42	5.930,87	2.435,27	4.199,19	12.565,33
Bergantiños - Mariñas Coruñesas	17	3	15	35	2.782,70	160,99	1.543,04	4.486,73
Santiago - Meseta Interior	11	1	6	18	2.460,16	15,91	588,33	3.064,40
Barbanza	107		13	120	12.804,86		923,15	13.728,01
Fisterra	74		16	90	8.963,62		3.111,13	12.074,75
A Mariña Lucense	47			47	6.645,78			6.645,78
A Fonsagrada - Os Ancares	361	3	1	365	34.613,38	1.338,87	150,00	36.102,25
Terra de Lemos	166	1		167	30.173,13	92,00		30.265,13
Lugo - Sarria	167			167	16.409,37			16.409,37
Terra Chá	90	1		91	13.273,87	691,50		13.965,37
O Ribeiro - Arenteiro	113		1	114	13.885,90		601,00	14.486,90
Miño - A Arnoia	37			37	7.014,72			7.014,72
Valdeorras - Trives	66		2	68	20.132,30		7.121,00	27.253,30
Verín - Viana	167	5		172	45.917,56	6.865,98		52.783,54
A Limia	122		5	127	28.749,82		923,95	29.673,77
Deza - Tabeirós	38	1		39	3.433,50	5,00		3.438,50
O Condado - A Paradanta	36		2	38	7.018,45		68,00	7.086,45
Vigo - Baixo Miño	28		7	35	5.672,81		2.430,00	8.102,81
Caldas - O Salnés	99	1	2	102	9.775,83	442,10	366,50	10.584,43
Galicia	1.763	29	83	1.875	275.658,63	12.057,92	22.025,29	309.741,84
A Coruña	226	16	63	305	32.942,21	2.612,17	10.364,84	45.919,22
Lugo	831	5	1	837	101.115,53	2.122,37	150,00	103.387,90
Ourense	505	5	8	518	115.700,30	6.865,98	8.645,95	131.212,23
Pontevedra	201	2	11	214	25.900,59	447,10	2.864,50	29.212,19

Fonte: Consellería do Medio Rural (2018)

Figura 9. Montes de xestión pública, 2018



Nº de montes en xestión pública por provincia (1.875)

Superficie dos montes en xestión pública por provincia (309.741,84 ha)





Nº de montes en xestión pública por tipoloxía (1.875)

Superficie dos montes en xestión pública por tipoloxía (309.741,84 ha)



Superficie media de monte en xestión pública por provincia

Superficie media de monte en xestión pública por distrito (ha)



Fonte: Consellería do Medio Rural (2018)

MONTES DE XESTIÓN PÚBLICA BAIXO CONSORCIO OU CONVENIO

- No ano 2018 Galicia conta con **1.763** montes de xestión pública baixo consorcio, convenio ou consorcio transformado en convenio, cunha superficie total de **275.658,63** ha.
- En número de montes, as provincias de Lugo (47,14%) e Ourense (28,64%) representan o **75,78%** do total, porcentaxe similar en canto á superficie (78,65%); aínda que cunha relación inversa á anterior, a provincia de Ourense representa o 41,97% e Lugo o 36,68%.
- Dos 1.763 montes en xestión pública baixo consorcio ou convenio, o **62,51%** corresponden a consorcios transformados, **5,10%** a novos convenios e un **32,39%** a consorcios.
- Do total da superficie xestionada con estas modalidades, a correspondente a consorcios transformados representa un 76,64% do total, novos convenios un 3,76% e consorcio o 19,60%.
- A superficie media dos montes en xestión pública en Galicia é de **156,36** ha. A provincia con maior superficie media é Ourense con 229,11 ha e a provincia con menor superficie media dos montes en xestión pública é Lugo con 121,68 ha, moi preto de Pontevedra con 128,86 ha.
- Por distritos, a maior superficie media corresponde ao distrito I Ferrol con **348,87** ha e o que ten a menor superficie media é o XVI Deza – Tabeirós con 90,36 ha.


Táboa 10. Montes de xestión pública baixo consorcio ou convenio, 2018

DISTRITO	Número				Superficie (ha)			
	Consorcio	Convenio		Total Nº	Consorcio	Convenio		Total Superficie
		Novo	Consorcio transformado			Novo	Consorcio transformado	
Ferrol	9	1	7	17	1.782,64	232,43	3.915,80	5.930,87
Bergantiños - Mariñas Coruñesas	6	1	10	17	483,55	130,34	2.168,81	2.782,70
Santiago - Meseta Interior	6	3	2	11	1.458,80	368,64	632,72	2.460,16
Barbanza	26		81	107	1.216,41	0,00	11.588,45	12.804,86
Fisterra	52		22	74	4.688,53	0,00	4.275,09	8.963,62
A Mariña Lucense	15		32	47	1.587,00	0,00	5.058,78	6.645,78
A Fonsagrada - Os Ancares	120		241	361	7.391,63	0,00	27.221,75	34.613,38
Terra de Lemos	67		99	166	9.238,97	0,00	20.934,16	30.173,13
Lugo - Sarria	24	1	142	167	1.317,52	110,00	14.981,85	16.409,37
Terra Chá	13	1	76	90	1.435,93	29,00	11.808,94	13.273,87
O Ribeiro - Arenteiro	54	10	49	113	5.605,09	1.276,50	7.004,31	13.885,90
Miño - A Arnoia	8	4	25	37	576,35	518,44	5.919,93	7.014,72
Valdeorras - Trives	27	4	35	66	2.707,50	188,90	17.235,90	20.132,30
Verín - Viana	61	2	104	167	6.767,94	67,50	39.082,12	45.917,56
A Limia	42	16	64	122	4.854,33	2.420,01	21.475,48	28.749,82
Deza - Tabeirós	15	7	16	38	1.244,00	549,50	1.640,00	3.433,50
O Condado - A Paradanta	1	7	28	36	423,00	496,00	6.099,45	7.018,45
Vigo - Baixo Miño		11	17	28	0,00	1.260,15	4.412,66	5.672,81
Caldas - O Salnés	25	22	52	99	1.250,60	2.722,60	5.802,63	9.775,83
Galicia	571	90	1.102	1.763	54.029,79	10.370,01	211.258,83	275.658,63
A Coruña	99	5	122	226	9.629,93	731,41	22.580,87	32.942,21
Lugo	239	2	590	831	20.971,05	139,00	80.005,48	101.115,53
Ourense	192	36	277	505	20.511,21	4.471,35	90.717,74	115.700,30
Pontevedra	41	47	113	201	2.917,60	5.028,25	17.954,74	25.900,59


Fonte: Consellería do Medio Rural (2018)

Figura 10. Montes de xestión pública baixo consorcio ou convenio, 2018


Nº de montes en xestión pública baixo consorcio ou convenio por provincia (1.763)




Superficie dos montes en xestión pública baixo consorcio ou convenio por provincia (275.658,63 ha)




Nº de montes en xestión pública por tipo de acordo (1.763)




Superficie dos montes en xestión pública por tipo de acordo (275.658,63 ha)



Superficie media de monte en xestión pública baixo consorcio ou convenio por provincia



Superficie media por monte de xestión pública baixo consorcio ou convenio para cada distrito (ha)



Fonte: Consellería do Medio Rural (2018)

ORDENACIÓN E XESTIÓN FORESTAL > MONTES DE XESTIÓN PÚBLICA POLA ADMINISTRACIÓN FORESTAL
DETALLE DOS MONTES DE XESTIÓN PÚBLICA BAIXO CONSORCIO OU CONVENIO
Táboa 11. Detalle dos montes de xestión pública baixo consorcio ou convenio, 2018


DISTRITO (en nº de montes)	Consorcio			Convenio			Consorcio transformado en convenio			Nº TOTAL		
	Abertal, de varas, voces, fabeo	MVMC	Particulares	Patrimonial (concello ou ELM)	MVMC	Particulares	Patrimonial (concello ou ELM)	Abertal, de varas, voces, fabeo	MVMC		Particulares	Patrimonial (concello ou ELM)
Ferrol		3	1	5	1				7			17
Bergantiños - Mariñas Coruñesas		2	1	3	1				9		1	17
Santiago - Meseta Interior		6			2		1		2			11
Barbanza		22	2	2					79	2		107
Fisterra		37	4	11					21		1	74
A Mariña Lucense		9	3	3					23	9		47
A Fonsagrada - Os Ancares	3	76	16	25				10	129	101	1	361
Terra de Lemos		57	2	8					95	3	1	166
Lugo - Sarria		22	1	1	1				132	10		167
Terra Chá		7	5	1		1		1	60	14	1	90
O Ribeiro - Arenteiro		52	2		10				48	1		113
Miño - A Arnoia		6		2	3	1			25			37
Valdeorras - Trives		27			4				34	1		66
Verín - Viana		60	1		2				104			167
A Limia		42			13		3		63	1		122
Deza - Tabeirós		13		2	7				16			38
O Condado - A Paradanta		1			7				27		1	36
Vigo - Baixo Miño					11				17			28
Caldas - O Salnés		25			22				52			99
Galicia	3	467	38	63	84	2	4	11	943	142	6	1.763
A Coruña		70	8	21	4		1		118	2	2	226
Lugo	3	171	27	38	1	1		11	439	137	3	831
Ourense		187	3	2	32	1	3		274	3		505
Pontevedra		39		2	47				112		1	201

DISTRITO (en superficie, ha)	Consorcio			Convenio			Consorcio transformado en convenio			SUPERFICIE TOTAL		
	Abertal, de varas, voces, fabeo	MVMC	Particulares	Patrimonial (concello ou ELM)	MVMC	Particulares	Patrimonial (concello ou ELM)	Abertal, de varas, voces, fabeo	MVMC		Particulares	Patrimonial (concello ou ELM)
Ferrol		321,44	260,00	1.201,20	232,43				3.915,80			5.930,87
Bergantiños - Mariñas Coruñesas		194,80	130,00	158,75	130,34				2.066,94		101,87	2.782,70
Santiago - Meseta Interior		1.458,80			339,89		28,75		632,72			2.460,16
Barbanza		1.025,69	177,72	13,00					11.530,45	58,00		12.804,86
Fisterra		3.623,42	332,24	732,87					4.264,09		11,00	8.963,62
A Mariña Lucense		1.107,00	252,00	228,00					4.598,58	460,20		6.645,78
A Fonsagrada - Os Ancares	220,22	4.352,38	1.374,65	1.444,38				1.855,50	16.875,10	8.232,15	259,00	34.613,38
Terra de Lemos		6.330,97	498,00	2.410,00					20.708,16	162,00	64,00	30.173,13
Lugo - Sarria		1.245,52	48,00	24,00	110,00				13.638,35	1.343,50		16.409,37
Terra Chá		447,00	486,93	502,00		29,00		209,00	10.503,84	1.068,10	28,00	13.273,87
O Ribeiro - Arenteiro		5.515,28	89,81		1.276,50				6.925,99	78,32		13.885,90
Miño - A Arnoia		471,35		105,00	502,00	16,44			5.919,93			7.014,72
Valdeorras - Trives		2.707,50			188,90				16.919,90	316,00		20.132,30
Verín - Viana		6.047,94	720,00		67,50				39.082,12			45.917,56
A Limia		4.854,33			2.318,30		101,71		21.419,48	56,00		28.749,82
Deza - Tabeirós		1.202,00		42,00	549,50				1.640,00			3.433,50
O Condado - A Paradanta		423,00			496,00				6.062,47		36,98	7.018,45
Vigo - Baixo Miño					1.260,15				4.412,66			5.672,81
